

## **CIRCULAR XX/2016**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERÁNS PISTA CUBERTA**

Pazo dos Deportes de Riazor (A Coruña)

8 de xaneiro do 2017

**Art.1)** A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia de Veteráns de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro domingo **día 8 de xaneiro** do 2017, en xornada de mañá e tarde.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 3 de xaneiro do 2017.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar data e lugar da marca nas inscricións.

**Art. 4)** En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou da anterior. Agás casos excepcionais autorizados polo comité técnico non se admitirá ningún atleta sen marca acreditada nos concursos.

**Art.5)** Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, agás casos debidamente xustificadas, non se entregará a medalla.

**Art.7)** Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

**Art.8)** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante, agás pértiga. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.9)** Nos concursos pasarán á mellora ás 8 mellores marcas obtidas, independentemente da categoría.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.10)** Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.

**Art.11)** Limitacións de probas: Só poderán inscribirse nun máximo de tres probas, sendo soamente unha delas superior a 1000 metros. Só programaranse máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos.

**Art.12).**- Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

### SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	15min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	30min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.  
Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou guardada.

**Art. 13)** Horario provisional. O Horario definitivo publicarase co listado de inscritos. Unha vez recibidas as inscricións poderá modificarse o horario programándose unicamente aquelas probas nas que houbo un mínimo de 3 inscritos. O horario é orientativo en función de campionatos anteriores, puidéndose incluír aquelas probas nas que haxa máis de tres solicitudes (deberán enviarse a [direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com) antes do 30 de decembro).



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



HORARIO CAMPIONATO DE GALICIA VETERANS						
MAÑAN						
800	Mulleres	FINAIS	<b>11.00</b>	Pértega	H-M	FINAL
				Lonxitude 35-40-45	Homes	FINAL
800	Homes	FINAIS	<b>11.20</b>			
50	Mulleres	FINAIS	<b>11.55</b>			
50	Homes	FINAIS	<b>12.10</b>			
400	Mulleres	FINAIS	<b>12.40</b>	Lonxitude 55 y sup	Homes	FINAL
				Lonxitude	Mulleres	FINAL
400	Homes	FINAIS	<b>13.10</b>			
50v	Homes	FINAIS	<b>13.50</b>			
50v	Mulleres	FINAIS	<b>14:00</b>			
TARDE						
1.500	Mulleres	FINAIS	<b>16.30</b>	Peso 4-5-6 Kg	Homes	FINAL
				Altura	H-M	FINAL
1.500	Homes	FINAIS	<b>16.45</b>			
200	Mulleres	FINAIS	<b>17.20</b>			
200	Homes	FINAIS	<b>17.40</b>	Peso 7,260	Homes	FINAL
3.000	Mulleres	FINAIS	<b>18.25</b>			
			<b>18:30</b>	Triplo	H-M	FINAL
3.000	Homes	FINAIS	<b>18.50</b>	Peso 4-3 Kg	Mulleres	FINAL

**Art.14).**-Altura dos listóns: (publicarase en función das marcas dos inscritos)

**Art.15).**- A distancia das táboas en lonxitude e triple decidirase en función das marcas dos participantes, até un máximo de 2.

**Art.16)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.17)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas), R.F.E.A e I.A.A.F.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a XX de decembro de 2016